Expediente	2019/DELEGFUN/000001 e relacionados.
Asunto	ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO INTERNO SECRETARÍA PLENO
Trámite	Modificación das delegacións efectuadas das Secretarías das Comisións do Pleno. Resolución aprobación das anteriores.

DELEGACIÓN

Por diferentes delegacións dos funcionarios que detentaron as responsabilidades da Secretaría Xeral do Pleno e das súas Comisións, atribuíronse as facultades relativas ás Secretarías de diferentes Comisións do Pleno en persoas funcionarias deste Concello. Ditas delegacións baséanse na potestade de autoorganización municipal plasmada no art. 133.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións.

Neste momento, en atención á cobertura da Secretaría Xeral do Pleno e o réxime de delegacións de funcións proposto por parte da Asesoría Xurídica, razóns de eficiencia aconsellan mudar as delegacións efectuadas.

Así mesmo, e dado que os asuntos de ditame preceptivo haberían ser incluídos na orde do día do Pleno, resulta conveniente que o seu exame se efectúe por esta Secretaría xa de inicio, especialmente de supor a adopción de acordos con transcendencia xurídica.

Polo tanto, por esta Secretaría:

Primeiro.- Déixanse sen efecto as delegacións das Comisións de Pleno efectuadas con anterioridade á presente.

Segundo.- Deléganse as Secretarías das Comisións Informativas do Pleno que a continuación se sinalan nas persoas funcionarias e nas condicións que se precisan:

Comisión	Funcionario/a delegado/a	Funcionario/a delegado/a suplente
Comisión de Réxime Interior, Persoal, Participación e Xurídica	Non se delega	---
Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente	Delégase en Dª Mercedes Fernández Martínez. Isto salvo nos casos nos que na orde do día figuren asuntos de ditame preceptivo, nos que se asumirá	Suplente: Vanesa Gómez Pacheco Salvo nos mesmos supostos.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:C3A1GTIO9SNB4MV6

	preferentemente[1] por esta Secretaría de Pleno.	
Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural	Delégase en D. José Luis Sarandeses Martínez, Isto salvo nos casos nos que na orde do día figuren asuntos de ditame preceptivo, nos que se asumirá preferentemente[2] por esta Secretaría de Pleno.	Suplente: Encarna Dapena Losada. Salvo nos mesmos supostos.
Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos	Delégase en D. José M.ª Campos Durán. Isto salvo nos casos nos que na orde do día figuren asuntos de ditame preceptivo, nos que se asumirá preferentemente[3] por esta Secretaría de Pleno.	Suplente: Vanesa Gómez Pacheco. Salvo nos mesmos supostos.
Comisión de Economía e Facenda, e especial de Contas	Non se delega	---
Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións	Delégase en M.ª José Valenzuela Rodríguez.	----

As persoas funcionarias que ostentan tales delegacións acudirían así mesmo ás sesións nas que existan ditames preceptivos co fin de informar, de ser o caso, sobre os restantes puntos do orde do día. Isto de conformidade co art. 139 do ROP.

Terceiro.- Inclúese no eido desta delegación, e no ámbito da comisión en cuestión, o conxunto das facultades que a continuación se precisan de entre as sinaladas no art. 133 do ROP e, por remisión, no art. 122.5 da Lei 7/1985:

a) A redacción das actas, así como a supervisión e autorización das mesmas, co visto e prace da Presidencia da Comisión.

b) A expedición, co referido visto e prace, das certificacións dos ditames que se adopten.

c) A asistencia á Presidencia da Comisión para asegurar a convocatoria das sesións,

[1] Dita preferencia implica que, con carácter xeral, se trataría de temas competencia de Pleno e que son susceptibles de producir efectos xurídicos por si mesmos.

[2] Dita preferencia implica que, con carácter xeral, se trataría de temas competencia de Pleno e que son susceptibles de producir efectos xurídicos por si mesmos.

[3] Dita preferencia implica que, con carácter xeral, se trataría de temas competencia de Pleno e que son susceptibles de producir efectos xurídicos por si mesmos..

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:C3A1GTIO9SNB4MV6

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 01/09/2022

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DÍAZ
Servizo: PRESIDENCIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 31/08/2022
RESOLUCION: 2022007067

Asinado por: JOSÉ LUIS MATO RODRÍGUEZ
Servizo: SECRETARÍA DO PLENO
Cargo: SECRETARIO XERAL DO PLENO
Data: 31/08/2022

a orde nos debates e a correcta celebración das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos das comisións.

Non forman parte desta delegación as restantes facultades precisadas no art. 122.5 da Lei 7/1985 que, en relación coas comisións informativas, puideran proceder, que serán exercidas directamente por esta Secretaría xeral do Pleno.

Especialmente, **se as Comisións exerceran competencias delegadas polo Pleno**, esta Secretaría asumirá todas as funcións referidas respecto das sesións en concreto nas que se tratarán estes asuntos, incluída a súa convocatoria.

Cuarto.- No desenvolvemento das anteriores delegacións indicarase expresamente esta circunstancia, é dicir, o seu exercicio por delegación.

Non poderán delegarse as competencias que se exerzan por delegación.

A delegación será revogable en calquera momento polo órgano que a teña conferido.

Quinto.- No exercicio das súas funcións delegadas as persoas delegadas poderán instar o asesoramento da Secretaría Xeral do Pleno.

Ínstase a aprobación desta modificación pola Xunta municipal de Goberno, de acordo co precisado nos arts 127.1 h) da lei 7/1985, do 2 de abril, e 21 B) j) do Regulamento do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, se ben, en realidade, pola Concellería delegada de Persoal en exercicio da delegación efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local do 15.06.2019.

O secretario Xeral do Pleno, sinatura dixital.

RESOLUCIÓN

Considerando debidamente motivadas as razóns expostas, a potestade de autoorganización municipal e as competencias desta Concellería en relación coa materia en cuestión.

Pola presente RESOLVO:

1.- Aprobar a modificación das delegación sinaladas, co seu réxime e alcance.

2.- Dar traslado da presente aos funcionario/as interesado/as para o seu coñecemento e cumprimento das tarefas encomendadas.

3.- Proceder á súa publicación no BOP, así como na Sede electrónica do Concello.

A CONCELLEIRA DELEGADA, O SECRETARIO ADMON MUNICIPAL

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:C3A1GTIO9SNB4MV6